

CUADRANTE



UN HOME DO XIX:

DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN BERMÚDEZ

UN HOMBRE DEL XIX:

DON RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN BERMÚDEZ

Nº 1

Amigos
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa

CUADRANTE



Revista cultural da
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

Un home do XIX: don Ramón del Valle-Inclán Bermúdez
Un hombre del XIX: don Ramón del Valle-Inclán Bermúdez

 Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Director:

Gonzalo Allegue

Consello de Redacción:

Ramón Torrado López

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

José María Leal Bóveda

Francisco Charlín Pérez

Xaquín Núñez Sabarís

Secretaría de Redacción:

Carmen Charlín Pérez

Redacción e Administración:

Casa da Cultura, Vilanova de Arousa.

Apartado de Correos nº 66

Secretario de Administración:

Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Marcela Santórum (págs. 30, 70, 73)

Eugenio de la Iglesia (Cabeceras de capítulos)

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.B.N.: 84-87709-99-0

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.

SUMARIO:

Presentación.páx. 5

X. L. Axeitos

“Un adverbio moi expresivo”.páx. 7

Gonzalo Allegue:

“¿Quién fue don Ramón del Valle Bermúdez?”.páx. 12

Xosé Manuel Cerviño:

“Notas literario-etnográficas arredor da Arousa de Valle Bermúdez”.pax. 22

Alfonso Mato:

“Relacións entre Manuel Murguía e Ramón del Valle-Inclán Bermúdez”.pax. 29

Xaquín Núñez Sabarís.:

“Os textos de Ramón del Valle Bermúdez. Reseña e análise”.pax. 33

Francisco Charlín Pérez e

Anselmo Menéndez Villalva:

“O ferrocarril compostelano e Ramón del Valle Bermúdez”.pax. 44

Víctor Viana.:

“Valle Bermúdez y el 68”.pax. 58

Xosé Lois Vila Fariña:

“Valle Bermúdez, político municipal”.pax. 65

Elisardo Barreiro:

“Ramón del Valle”.pax. 71

Antoloxíapax. 73



NOTAS LITERARIO-ETNOGRÁFICAS ARREDOR DA AROUSA DE VALLE BERMÚDEZ

Xosé Manuel Cerviño

No século XIX, a cultura galega en xeral e a súa literatura en particular parecen espertar do longo sono en que estaban sumidas dende os tempos feudais. Neste contexto de renacemento e baixo a influencia do rexurdir da literatura provenzal medieval teñen lugar no teatro San Xurxo da Coruña, e organizados por J.P. López Cortón, os xogos florais do ano 1861, concurso literario similar ós *Jocs* que dous anos antes se desenvolveran na cidade de Barcelona.

Antonio de la Iglesia, secretario do Consistorio que promoveu tal actividade cultural, reconece ese vencello tanto coa tradición medieval como coa súa recreación catalana¹, sendo Galicia o tema discursivo do propio premio.

O día anterior ós Xogos coruñeses recollía a prensa galega² unha nova convocatoria, por parte esta vez do Liceo Artístico y Literario de Pontevedra, para un certame similar que sería verificado un mes máis tarde, o 11 de agosto, na cidade de Teucro. Nesta mesma cidade constituiríase anos máis tarde, en 1880, e con carácter permanente, unha Sociedade de Xogos Florais, imitando ás “semejantes de Tolosa,

Montpellier, Avignon y Carcassona”, consagrada “principalmente al cultivo de nuestro dialecto, segun han hecho y siguen haciendo con la lengua d’oc”³.

Espallada esta iniciativa literaria polas cidades e vilas de Galicia, chega incluso a valorar a prensa da época como excesiva a oferta existente, agora tamén en Santiago, Vigo ou Tui⁴, por citar algúns exemplos.

En Santiago, organizada polo Diario de Santiago na mesma Universidade compostelá, ten lugar unha primeira convocatoria o 28 de xullo de 1875, participando nel figuras de grande significación rexionalista (Murguía, Lamas Carvajal,...); Vigo asocia o certame coas festas da Reconquista, promovido polo Liceo vigués; pero, sen dúbida, será Tui quen acade a maior transcendencia polas repercusións socio-políticas do seu acto, organizado en 1891 pola Asociación Regionalista Gallega.

A esta última convocatoria non se presentará como concursante Ramón del Valle por ter finado o ano anterior, pero si o faría á compostelá, acadando o primeiro premio (un ramo de violetas

¹ Galicia. *Revista universal de este Reino*, A Coruña, 1 de xaneiro de 1861.

² Galicia. *Revista universal de este Reino*, A Coruña, 1 de xullo de 1861.

³ *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Madrid, 8 de marzo de 1880.

⁴ Editado en Santiago, Estab. tip. de *El Diario*. San Francisco 9, 1877 (V. Paz-Andrade: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal, Madrid, 1981).

de ouro) co seu romance “A la ría de Arosa”, traballo que cabe integralo no marco sociolóxico-literario propio da lírica galega da época, rebotante unhas veces de grandes doses de localismo e outras dunha certa afirmación rexionalista (marcada politicamente por condicións de índole cultural), pero sempre identificada coa terra.

O “viejo poeta olvidado”, “escritor y poeta intachable” como o definiu Murguía, viu publicada a súa obra no “álbum de las composiciones premiadas en los Juegos Florales celebrados en la ciudad de Santiago en julio de 1875”⁵. Sen embargo, o seu éxito nos xogos florais organizados ó longo do país non se reduce a esta convocatoria, pois no ano 1884 o seu trunfo en Pontevedra acadaría para el cotas persoais superiores⁶.

O ano anterior, ou sexa, en 1883, e como acto de homenaxe, tñalle dedicado ó seu íntimo amigo Andrés Muruais un dos seus traballos, a elegía recollida na “Corona fúnebre a la memoria del llorado poeta Andrés Muruais”⁷.

⁵ Ata este entón a súa vida estivera vencellada á carreira de mariño nun gardacostas e a un actuar político-xornalístico de corte liberal-republicano. Como datos biográficos Carballo Calero móstrao “vencellado a figuras moi relevantes do movemento rexionalista que sempre o consideraron aliñado nel mesmo. (Integrado no círculo de) protagonistas —no seu ámbito rexional— da revolución política que provocou o derrocamento de Isabel II, e sentou as bases da definitiva consolidación do liberalismo en España (que) foron, á vez, os responsables do movemento de axitación cultural que hoxe identificamos unanimemente co Rexurdimento da cultura galega”.

⁶ Foi presidente deste Xogos florais de Pontevedra, no ano 1884, Víctor Balaguer, quen impresionado polo traballo en honra de Méndez Núñez, propúxoo para membro da Real Academia de Historia, adquirindo tal condición o 3 de xaneiro do ano seguinte.

⁷ Imp. J. Millán, Pontevedra, 1883.

En canto ó poema que motiva este traballo, a oda “A la ría de Arosa” (ver Antoloxía de textos, páx. 72), usa das vellas coplas propias do romanceiro galego, gardando sempre a constante presenza dun mariño que deixou o mar, mais continúa a sucari os mares da Arousa a través da súa palabra, obtendo nos seus versos unha perspectiva singular da ría, máis poética que a humanizada prosa de “Oración. Cuadro de costumbres marineras”, publicada no Almanaque de Galicia de 1866 por Soto Freire.

Iníciase o traballo premiado coa caracterización dun “lago de azuladas ondas”, coas súas “playas de oro y esmeralda”, recreando así unha “región deliciosa”, integrada nunha paisaxe harmónica de “risueñas aldeas”. Por outra banda, a alusión a unha serie de notorios lugares xeográficos terrestres —Sálvora, o Barbanza, a Curota, ou os ríos Umia e Ulla— permiten identificar o edén descrito cun espacio, o arousán, imaxinando arredor del un idílico e melancólico mundo romántico no que incluso manteñen certa presenza os seres mitolóxicos gregos (os céfiros).

O relatorio de calidades paisaxísticas da comarca engade o peculiar cromatismo que esta goza, cun albor cheo de luminosidade, en contraste co “caos de sombra” propio da noite. A variedade de cores da flora silvestre —campaiñas, lirios, gladiolos e matices varios— e agrícola combínanse cos azuis do mar, do ceo despexado —cheo da “naciente luz del día— ou esbozado con tenues nubes, ou mesmo coa cor prateada dos ríos. Na outra beira dos contrastes, marcando os límites exteriores e alleos da ría, o “furor



Mariñeiros da ría de Arousa. (Arquivo, Editorial Nigra.)

del océano” coas súas escuras tormentas.

Esta é a temática básica dunha primeira parte do romance de R. Valle, da que ben podería facerse unha análise simbólica, partindo dunhas claves interpretativas de connotacións masónicas. Así, a continua presenza da luminosidade sobre o espazo arousán pode identificarse coa iniciación ritual, máis aínda cando esta luminosidade se corresponde co albor do día —fórmula asociada na francmasonería co voltar á actividade dunha lóxica que estaba “en sono”, ou sexa, inactiva—; os sinais son, se cabe, maiores, cando o poema nos introduce neste ámbito de luz dende un punto xeográfico situado ó ponente (Sálvora), guiándonos cara ó oriente (o interior da ría) mostrándonos o mesmo sentido orientacional que o mantido polas coordenadas do templo masón, por suposto sempre rodeado dun espazo verde —representativo da inmortalidade da alma—, protector dos males do exterior (as tormentas).

Sen ánimo de profundizar, deixaremos a unha beira este tipo de lectura especulativa, aínda que —segundo creo— lexitimamente correcta, para seguir ó seu autor que logo afasta o tema paisaxista para dar entrada literaria a uns trazos con caracteres máis costumistas, nos que a natureza —sinal de

identidade dos primeiros versos— deixa espazo ó home e as súas actividades mariñeiras; mais non sen antes advertir que este equilibrio paisaxístico arousán recuperarao o autor para a súa prosa, como podemos comprobar na transcripción textual do seu artigo “Villagarcía”⁸:

a las orillas del mar, en la deliciosa ría de Arosa, y á una extremidad del fértil y ameno valle del Salnes, tan conocido por la variedad, abundancia y riqueza de sus producciones, [...]. Si llaman la atención por una parte sus floridos campos, verdes colinas, umbrosas florestas y vistosos caseríos extendidos por la campiña, tiene de la otra un atractivo encantador aquel mar tan apacible siempre, en cuya tersa superficie, á la luz de la luna en las serenas noches de estío, se ven reflejarse como en un espejo las casas de la ribera á la par de las naves surtas en el puerto.

⁸ La Ilustración Gallega y Asturiana, 8 de xaneiro de 1880.

acaso sentindo a mesma suxestión que percibe o autor da cantiga popular:

*Pasei a ría de Arousa,
nunha barquiña de vela,
non vin cousa máis bonita,
nin penso volver a vela.*

A paisaxe, aínda que presenta importantes pegadas dunha agricultura variada, reflectida nas coridas cubertas do chan formado por bosques, prados, viñas,..., non ignora a realidade económica das Rías Baixas, nas que o agro e o mar van intimamente vencellados no ámbito doméstico costeiro que basicamente é mariño —ribeiras, lagos, praias, enseadas, baías, costas e illas—, polo que se está a anticipar a un mundo mariñeiro conformado polo ir e devir das xentes de mar nas súas pequenas embarcacións —acaso as dornas, acaso as case desaparecidas lanchas de relinga, tan abundantes nas augas das rías do século XIX— dirixíndose todas á vez cara ós seus portos, ondeando os seus trapos co fin de domear o vento, velas ó tercio tan presentes nas embarcacións tradicionais galegas. Os trazos líricos do universo costeiro acompáñase dun excelente dominio do vocabulario mariñeiro, propio de quen viviu nas súas propias carnes a experiencia naval. Así, navega en bolina —procurando que a quilla do seu barco forme o menor ángulo posible coa dirección do vento— ou senta a un mariñeiro na tilla mentres fai sonar o apupo —bucina—.

É na volta a terra cando se ofrece unha frenética actividade, desenvolta sempre no espacio portuario —lugar por excelencia da actividade social

mariñeira—, primeiramente na pretensión de adquirir as capturas, pero logo arredor dos coidados e mantemento básico das artes de pesca e embarcacións. Así encontramos unha descrición dos mariñeiros carenando unha lancha, sempre buscando as máis óptimas condicións de navegación, para o que se debe limpar os fondos ou calafatear as xuntas da madeira, co fin de eliminar filtracións de auga e mellorar a estanquidade no mar que os inunda. Tamén hai unha estampa de mariñeiros relingando as velas, coséndolle as cordas —a relinga— ó seu redor, a fin de que o vento non poida con elas; outros, están atando as textís redes, desfeitas no seu rozar contra os fondos de area e pedras,



Lancha na ría. (Arquivo, Editorial Nigra.)

enmarañando peixes ou a saber cómo rotas, actividades ámbalas dúas máis propias hoxe en día dos “chaboleiros”, pero por aquel entón executadas polos seus propios usuarios.

Outra estampa debuxada pola pluma de R. Valle amosa a pesca coa arte, arrastrada a pleno sol, dende a ribeira da praia, escena na que seguramente viu ós seus veciños de Vilanova, tanto aqueles oriúndos de Cataluña —os Llauger ou Goday, por non citar a outros salgadores da Arousa— a carón dos seus patrianos, mariñeiros e terrestres. Cos seus cintos, confeccionados con coiro e corda e rematados por un corcho, arrastraban dun longo aparello que, sumado ós seus tiros, excede o quilómetro e medio de longo por cada unha das súas bandas de arrastre, proporcionando grande número de capturas sardiñeiras á industria derivada.

A tranquilidade coa que desenvolven o seu traballo indica que son estes tempos nos que o conflito polo uso da xávega e o boliche está xa esquecido e moi atrás, propio xa de tempos inmemoriais, quedan as imaxes das xentes pelexando, queimando os innovadores aparellos e mesmo os almacéns de salga de sardiña. Aínda así, ideará o pobo a súa pregunta: “Cando non hai que pescar, ¿que farán os cataláns? Andarán pola ribeira, tirando pedras ós cans”.

Pero o que máis chama a atención deste romance arousán, no compasar que o mar fai coas mareas é a percepción antropolóxica que a situación privilexiada do poeta —en canto trovador e ó tempo mariño— nos transmite ós lectores, cuns versos:

Que á despertar van los ecos,

*De las riberas vecinas
En donde ansiosas le esperan
Del alma prendas queridas.*

lembrando ás familias —mulleres, fillos, nais, irmáns,...— esperando pola sempre incerta chegada do parente. Esta incerteza creada na vida profesional polos perigos do mar volve facerse presente na presenza de

*La cruz alzada en la roca
De la solitaria orilla.*

cruz asociada ás almas en pena afogadas no mar, que agora esta calmo, pero de seguida se volve impracticable e bravío. Rememóranos este simbolismo cristiá aquela pregunta que facía o poeta de berce arousá Manuel Antonio “á beira do mar, nunca pensáchedes nos afogados?”.

Xa no traballo citado “Oración. Cuadro de costumbres marineras” ver Antoloxía de textos, páx. 73), publicado no 1866, fixera especial mención desta problemática situación vital do mariñeiro, sinalando naquel momento “ante el aspecto risueño de la naturaleza, cuesta trabajo creer que allí corran lágrimas que nadie enjuga, que haya infortunios que á nadie interesan, miserias que nadie remedia y penas que nadie consuela; pero es así. ¿Puede acaso ser el hombre mas desdichado, que cuando, para procurarse la subsistencia de sus hijos, tiene que arriesgar con frecuencia la vida? (...) Cuando estos infelices [os mariñeiros] llevan á su boca un pedazo de pan ha sido amasado con las lágrimas de todos los dolores”.

Ben patente queda reflectida a tra-

xedia que o home de mar vive xunto coa súa familia: aquel, porque se ve abocado diariamente a loitar contra os perigos do océano; esta, porque a constante a ameaza —basicamente o perigo de afogamento dun membro da familia— lle crea unha ansiedade psíquica colectiva. Por tal motivo, de ningún modo se pode crer que estes rudos homes solitarios resulten “poco sensibles á los tiernos afectos de la familia: sería un error y una injusticia”. De tal experiencia fala nin máis nin menos que un mariño.

Esta é a mellor lectura que se lle pode dar ó afecto con que a familia vai esperar ó pescador cando este regresa do mar; as mulleres cos seus fillos —socializados nesta experiencia cando aínda están no berce, protexidos pola propia nai— intranquilos agardan na ribeira á chegada dos seus, sempre respondida co abrazo cheo de “efusión del cariño mas entrañable”.

Esta ansiedade vital resulta en grande medida controlada por medio de crenzas e rituais relixiosos, motivando non só a pervivencia da superstición entre estes homes e mulleres do litoral senón unha grande reverencia polo

feito relixioso: “Si en aquel momento el tañido de las campanas del templo inmediato viene á recordarle la oración de la tarde, descubriendo su cabeza encanecida, sino por los años, por los azares de su penosa vida, teniendo en brazos á su hijo y vuelta la cara al mar, dirige sus ojos al cielo á donde eleva su pensamiento y su oración”.

É agora cando pode entenderse que as mulleres tradicionais se acercasen á beira do mar cantando “Vente ventinho do mar, vento vento mareiro; non me fagas esperar, tráeme ó meu mariño”.

Voltando ó poema que nos ocupa, “A la ría de Arosa”, recuperamos a necesidade do pescador sobrevivir na adversidade, para o cal se viu na obriga de controlar os fenómenos climatolóxicos. Así, a presenza de determinados animais poden conter determinados

sinais etnográficos, mostrándonos o poema ás gaivotas xunto cos golfiños e arroaces, animais sempre buscados polos mariñeiros por canto lles ofrecen agoiros sobre os resultados pesqueiros ou permítenlles presaxiar a evolución do tempo climatolóxico, fixándose detidamente se as gaivotas voan en círculo,



¡Dios mio! ¿Arribarán? Cuadro de D. Castro Plascencia. *Ilustración Española y Americana*.

se, por exemplo, os mascatos están nas rochas,..., por exemplo, “gaivotas soben ata se perder, grande temporal ten que haber”;

*cando as gaivotas bailan a muiñeira, hai chuva na ribeira;
arroaces na ría, boureis tiran;
ou, para rematar, mascatos nos penedos, borrasca de medo.*

Tamén, como non, observa o fino ollar do home de mar se os neboeiros cobren a mítica Curota, que non é un sinal provinte dos animais pero que sempre actúa como un referente do Barbanza máis maxestoso. Estes agoiros quedaron recollidos no refraneiro, avisando o dito:

Coa Curota cuberta, vendaval na porta,

e preparando psiquicamente ós familiares para a longa espera dos mariñeiros que loitan contra o mar bravío:

Se a Curota ves tapar, vai a San Alberte destellar

confundíndose o saber do pobo coas súas tradicións: neste caso, co ritual de destellar as capelas dos santos para sim-

bolizando á forza sobrenatural que lle da volta ás adversas condicións meteorolóxicas; outras veces, as mulleres protexerán ós seus homes, subindo ós altos cumios a ensinarlles o cu ó vento, acaso co fin de espantalo;...

É este saber popular o que tamén nos revela unha descrición harmoniosa da climatoloxía, avisando Valle do melodioso “primer albor del día [coa] ribera silenciosa”. Do contrario, se esta “roncase”, os agoiros indicarían un tempo inestable ou tormentoso, perigoso para quen aprendeu a escoitar a fala do mar cando acariña á praia e ós cantís.

Finalmente, aparece nesta romántica oda á Arousa a idea do romano “finis terrae”, atribuído ás terras atlánticas límites, dende as cales se pode observar como no horizonte se cruzan o ceo —representado no seu límite polas nubes— e as augas, indo alí a morrer o día, no mar de ninguén, espacio enfurecido e fóra das augas que representan as rías, de todo domesticadas polas restingas —os baixos de rochas e area— das illas oceánicas galegas. Só, por isto, é permitido integrar ó mar na paradisíaca harmonía do contorno.

BIBLIOGRAFÍA:

- Murguía, M.: *Los precursores*.
- Brañas, A.: *El regionalismo*, 1889
- García Velasco, J.L.: *Ramón del Valle-Inclán y Bermúdez*, en *Enciclopedia Gallega*
- Hermida, M.: *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*. Eds. Xerais
- Fernández del Riego, : *Historia da Literatura Galega*, Galaxia
- Carballo Calero, R.: *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Galaxia, 1981
- Paz-Andrade, V.: *La anunciación de Valle-Inclán*, Akal, Madrid, 1981.
- González Pérez, C.: *O refraneiro do mar*, Eds. do Castro, A Coruña, 1993



